

PREGO DE PRESCRIPCIÓNS TÉCNICAS QUE REXIRÁN A ADXUDICACIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA, RETIRADA, TRANSPORTE, DEPÓSITO E CUSTODIA DE VEHÍCULOS.

1ª.- OBXETO DO CONTRATO.

O obxecto do contrato será a prestación do servizo de recollida, transporte, depósito e custodia de vehículos no término municipal comprendendo especificamente os seguintes extremos:

- a) Recollida, retirada, transporte, depósito e custodia de vehículos que, conforme as disposicións vixentes sobre circulación, vehículos a motor, tráfico e seguridade vial teñan que ser retirados das vías públicas en cumprimento das órdes recibidas da Policía Local.
- b) A recollida, retirada, transporte, depósito e custodia dos vehículos abandonados nas vías públicas a requerimento da Policía Local.
- c) A captura, retirada, transporte, depósito e custodia de vehículos embargados pola Recadación Executiva do Concello, previo cumprimento dos requisitos e formalidades establecidas legalmente e regulamentariamente.
- d) O depósito e custodia de vehículos a requerimento da autoridade xudicial ou administrativa cursado a través da Alcaldía ou Concelleiro-delegado de Tráfico.
- e) A retirada de vehículos, aínda que estén debidamente estacionados, que resulte indispensable trasladar con motivo de procesións, festas, desfiles, actos públicos, obras públicas etc, por orde da Alcaldía, Tenente de Alcalde delegado do Servizo ou Xefe da Policía Local.

2ª.- ÁMBITO TERRITORIAL DO SERVIZO.

A prestación dos servizos de recollida, retirada, transporte, depósito e custodia de vehículos, remolques, caravanas, contenedores e similares realizarase polo contratista mediante grúa adecuada, en todo o término municipal.

Ademais, a grúa da empresa adxudicataria poderá intervenir en calquera vía municipal para retirar vehículos abandonados ou embargados e aqueles outros vehículos e obstáculos que impidan a circulación rodada, o acceso a

Prego de Prescripcóns
Técnicas aprobado por
Resolución da Alcaldía
de data 01/07/09.

Sanxenxo, 01 de xuño
de 2.009.
O Secretario Xeral,

Ángel L. López Pita

Fiscalizado
conforme pola
Intervención Xeral
(art. 93 LCSP), de
data 30/06/09.

vivendas ou a prestación dun servizo público, en execución forzosa subsidiaria de resolucións municipais.

3ª.- CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS DA GRÚA ADSCRITA Ó SERVICIO E QUENDAS HORARIAS.

A empresa adxudicataria aportará a grúa necesaria para unha adecuada e eficaz prestación dos servizos, a cal estará axustada ás prescricións técnicas esixidas legalmente para o transporte de vehículos.

Os horarios e quendas mínimas serán:

Unha grúa dispoñible durante as vinte e catro horas do día, incluídos os festivos.

Unha segunda grúa de reforzo do servizo durante o período comprendido entre o 1 de Xuño ó 30 de Setembro, incluídos os festivos.

A empresa adxudicataria disporá polos medios que estime oportunos, e a súa conta, dos servizos de unha grúa suficiente para retirar vehículos que non se podan arrastrar coa grúa sinalada no apartado anterior poñéndoa a disposición da Policía Local.

4ª.- LOCALS E INSTALACIÓNS PARA DEPÓSITO E CUSTODIA DE VEHÍCULOS.

O adxudicatario deberá dispoñer de instalacións aptas e adecuadas para o depósito e custodia dos vehículos retirados; o local deberá estar dotado de teléfono, debidamente acondicionado e pechado, de modo que os vehículos depositados estean custodiados e protexidos.

O local se valorará que estea máis preto do núcleo urbano de maior poboación.

5º.- PERSOAL.

a) A empresa adxudicataria deberá adscribir ó servizo, o persoal necesario e suficiente para garantir unha adecuada e eficaz prestación do servizo, tendo en conta as características da grúa utilizada.

b) A empresa adxudicataria será a responsable de todo o persoal laboral que contrate, quedando obrigada a cumprir as disposicións que regulan a relación laboral, a Seguridade Social e a Seguridade e Hixiene no Traballo.

Prego de Prescricións Técnicas aprobado por Resolución da Alcaldía de data 01/07/09.

Sanxenxo, 01 de xuño de 2009.

O Secretario Xeral,

Ángel L. López Pita

Fiscalizado conforme pola Intervención Xeral (art. 93 LCSP), de data 30/06/09.

c) A relación laboral dos traballadores coa empresa adxudicataria extinguirase cando finalice o contrato do servizo por expiración do prazo ou resolución do contrato, sen que, en ningún caso, o Concello veña obrigado a facerse cargo do persoal contratado pola empresa.

d) A relación de postos laborais, que a empresa adxudicataria adscriba á prestación do servizo, deberá figurar nun documento anexo á oferta, especificando a totalidade dos postos de traballo coa súa categoría profesional, dedicación, retribucións e convenio colectivo de aplicación.

Prego de Prescricións
Técnicas aprobado por
Resolución da Alcaldía
de data 01/07/09.

6º.- ORDE PARA A RETIRADA DE VEHÍCULOS.

Sanxenxo, 01 de xuño
de 2.009.
O Secretario Xeral,

Tódolos vehículos adscritos á prestación do servizo estarán a disposición dos requirimentos da Policía Local, dos cales os axentes cursarán directamente as ordes para a retirada e traslado dos vehículos ó depósito, polo que deberán estar presentes no momento da retirada formulando, no seu caso, a pertinente denuncia por infracción e a orde de retirada especificando a causa da mesma.

Ángel L. López Pita

O Sr. Alcalde poderá dictar instrucións xerais ou puntuais para a retirada de vehículos nos supostos previstos no prego cursadas por conducto regulamentario.

Fiscalizado
conforme pola
Intervención Xeral
(art. 93 LCSP), de
data 30/06/09.

7º. ADSCRICIÓN DE AXENTES DA POLICÍA LOCAL Á GRÚA EN SERVICIO.

Adscribirase un Axente Municipal da Policía Local á grúa en servizo.

8º.- XESTIÓN RELATIVA A VEHÍCULOS ABANDONADOS

O Alcalde dictará instrucións xerais e puntuais para a retirada, traslado e depósito daqueles vehículos que polos seus signos exteriores, poida deducirse que se encontran abandonados, tales como a permanencia na mesma situación durante máis de 15 días, a falta de nº de matrícula, a antigüidade do vehículo, ausencia de faros ou cristais nas portas e calquera outra que permita presumir, racional e fundamentalmente, o seu estado de abandono.

Os titulares dos demais vehículos retirados e depositados, que non fosen retirados no prazo de cinco días, serán requiridos pola Xefatura da Policía Local para que se fagan cargo do vehículo previo pago dos gastos de retirada, traslado e depósito, apercibíndoo de que, se non o fixeran no prazo dun mes,

procederáse á súa alleación e cobranza das taxas percibidas por vía de prema, previa resolución, no seu caso, das alegacións formuladas.

9º.- COBRANZA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DE SERVICIOS.

- a) O cobramento das taxas realizarase por un axente da autoridade que deberá depositar a súa contía de xeito inmediato na conta aberta pola Tesourería Municipal a tal efecto.¹
- b) A empresa non poderá imputar ningunha cantidade ó contribuinte.
- c) Mensualmente efectuarase a liquidación a favor da empresa segundo prezo acordado neste contrato (Anexo 1–concesionario-).
- d) O cobramento que se lle efectúe o contribuinte, referirase a totalidade da taxa prevista na ordenanza fiscal, segundo o disposto no Anexo 1 –TARIFA.

Prego de Prescricións
Técnicas aprobado por
Resolución da Alcaldía
de data 01/07/09.

Sanxenxo, 01 de xuño
de 2.009.
O Secretario Xeral,

Ángel L. López Pita

10º.- OBRIGAS DO ADXUDICATARIO.

Serán obrigas da empresa adxudicataria:

- a) Realiza-las prestacións establecidas na cláusula primeira con conforme ás prescricións técnicas e demais cláusulas administrativas deste Prego.
- b) Dotar ás instalacións do local (para depósito e custodia) con medios materiais e técnicos precisos que permitan unha comunicación directa cos vehículos, grúa e a Xefatura da Policía Local.
- c) Dispoñer dunha póliza de seguros, sen franquía, de Responsabilidade Civil por danos, roubos e incendios con garantía suficiente para cubri-los riscos que se podan ocasionar ós vehículos ou a terceiros con ocasión do traslado, depósito e custodia dos vehículos retirados da vía pública. **Non poderá autorizarse a posta en funcionamento do servizo sen a previa xustificación da formalización da póliza de seguro con garantía suficiente, a cal deberá ser entregada no Rexistro Xeral do Concello dentro do prazo de quince días naturais contados a partir da formalización do contrato.**

Fiscalizado
conforme pola
Intervención Xeral
(art. 93 LCSP), de
data 30/06/09.

¹ A Tesourería municipal arbitrará os mecanismos de dereito público que se precisen para o debido control dos ingresos deste tributo, sen poder delegar estas funcións na empresa contratista, baixo ningunha consideración. Os ingresos deberán estar suxeitos a control interno no prazo máis breve posible, previo o seu ingreso nunha conta restrinxida aberta a tal efecto. É de aplicación a fiscalización previa.

d) Dispoñer, en todo momento, de persoal necesario e suficiente para unha adecuada e eficaz prestación do servizo; a alteración dos postos de traballo figurados na oferta do adxudicatario deberá ser comunicada ó Concello, e, no seu caso, autorizada por este, previa comunicación coa suficiente antelación.

e) Dispoñer dos vehículos-grúa e persoal suficientes para garantir as quendas e horarios establecidos no prego.

f) Habilitar e poñer a disposición da Policía Local, cando fose requirida, os medios adecuados para a retirada e transporte de vehículos pesados.

g) Dotar ós vehículo-grúa de unha emisora.

h) O contratista será responsable da calidade técnica dos traballos que desenrole, das prestacións e servizos realizados, así como das consecuencias que se deduzan para a Administración Municipal ou para terceiros, polas súas omisións, erros, métodos inadecuados, conclusións incorrectas na execución do contrato, polo que será directamente responsable dos accidentes, danos e prexuízos que se podan ocasionar ó Concello ou a terceiros como consecuencia da prestación do servizo que ten encomendada.

i) Pagar tódolos gastos de persoal (salarios e cotizacións á Seguridade Social), tributos que graven a actividade (IAE e IVE), gastos xerais e calquera outro gasto, dos cales os xustificantes poderán ser requiridos polo Concello en calquera momento, **así como os gastos orixinados pola publicación de anuncios de licitación e adxudicación no seu caso, nos boletines oficiais e/ou diarios oficiais.**

j) Colaborar coa Administración Municipal na alleación dos vehículos retirados e depositados, facilitando a información que se lle requira e as operacións preparatorias para a retirada dos mesmos do local.

k) Comunicar ó Concello unha relación detallada de vehículos retirados na forma establecida no presente prego.

11º.- DEREITOS DO ADXUDICATARIO.

a) Percibi-lo prezo ofertado e aceptado (pactado) nos termos sinalados no presente prego.

b) Obter da Administración Municipal a protección adecuada para que poida prestar debidamente o servizo como son a esixencia do cumprimento da normativa legal e regulamentaria en materia de circulación.

Prego de Prescricións
Técnicas aprobado por
Resolución da Alcaldía
de data 01/07/09.

Sanxenxo, 01 de xuño
de 2.009.
O Secretario Xeral,

Ángel L. López Pita

Fiscalizado
conforme pola
Intervención Xeral
(art. 93 LCSP), de
data 30/06/09.

12º.- POSTA EN FUNCIONAMENTO DO SERVIZO.

O contratista ven obrigado a iniciar a efectiva prestación dos servizos obxecto deste contrato no prazo máximo de 15 días, computados desde a formalización de aquel, a tal efecto deberá comunicalo con antelación e por escrito respecto á data prevista para o inicio do servizo, acompañando á comunicación a seguinte documentación:

Prego de Prescricións
Técnicas aprobado por
Resolución da Alcaldía
de data 01/07/09.

a) Copia autenticada da documentación técnica dos vehículos adscritos ó servizo.

Sanxenxo, 01 de xuño
de 2.009.
O Secretario Xeral,

b) Características técnicas e planos a escala, de situación e planta, das instalacións para depósito e custodia de vehículos e copia do documento de compra, arrendamento ou outro título que autorice a súa utilización polo contratista para os fins do contrato.

Ángel L. López Pita

c) Relación nominal do persoal que desempeñará os postos de traballo ofertados polo adxudicatario.

d) Xustificación das melloras ofertadas que tiveran sido aceptadas.

e) Póliza de seguro de Responsabilidade Civil prevista na cláusula X-c).

Fiscalizado
conforme pola
Intervención Xeral
(art. 93 LCSP), de
data 30/06/09.

Examinada a anterior documentación e comprobado, polos servizos técnicos municipais, Xefe da Policía Local e Sr. Interventor o cumprimento do estipulado, a Alcaldía autorizará o inicio da actividade e consecuente posta en funcionamento do servizo polo contratista.

13º.- DESPRAZAMENTO DE VEHÍCULOS DEBIDAMENTE ESTACIONADOS (por obras públicas, procesións, desfiles e demais actos públicos)

O contratista percibirá por estes servizos o 25 % dos prezos unitarios sinalados no Anexo 1 – Contratista.

**Sanxenxo, 29 de xuño de 2.009.
A alcaldesa-presidenta**

Catalina González Bea